

As Cantigas de Santa María son composicións de carácter relixioso, destinadas a seren cantadas en louvanza da Virxe María, escritas en galego-portugués na corte de Afonso X o Sabio.

Afonso X (1221-1284) foi un gran mecenas da cultura peninsular. Probablemente se criou en Maceda (Ourense), onde aprendería o galego. Pola súa corte pasaron grandes trovadores e reuniu un equipo de sabios e artistas. O alcume de “Sabio” correspondeulle por promover unha cultura de síntese entre cristiáns, musulmáns e xudeus na súa corte. Foi autor de 44 composicións de lírica profana, a maior parte de escarnio e maldicir. A el atribúenselle as 427 Cantigas de Santa María, se ben temos que supoñer que non as faría todas el directamente senón que supervisaría o labor dun equipo de trovadores especialistas ao seu servizo.

As 427 Cantigas de Santa María consérvanse na actualidade en **catro códices** todos eles procedentes da corte alfonsí coñecidos como **E e T** (conservados na biblioteca do Mosteiro do Escorial), **F** (conservado na Biblioteca Nacional de Florencia) e o **TO ou Toledo** (hoxe custodiado na Biblioteca Nacional de Madrid). Algúns deles están incompletos. O que contén maior número de cantigas é o Códice E, e o máis rico en miniaturas é o T.

Formalmente, As Cantigas de Santa María son todas cantigas de **refrán** pero cunha estrutura estrófica diferente das cantigas profanas: son versos de entre 4 e 17 sílabas, se ben o máis empregado é o de 14, en diferentes tipos de estrofas, sendo a máis habitual o **zéxel**¹.

Tematicamente, desenvolven unha temática moi variada que podemos resumir en **dúas** temáticas básicas: dun lado a loanza da Virxe e doutro a narración dos milagres nos que a intervención da Virxe foi fundamental. Esas dúas diferenzas temáticas correspóndense tamén con dous tipos de cantigas que alternan en posicións regulares nos cancioneros:

- a) **Cantigas de milagres**: son cantigas narrativas cunha finalidade didáctica en que se narran os milagres nos que interveu a Virxe. A narración dos milagres proceden de varias fontes: narracións orais de milagres, coleccións marianas da época, textos haxiográficos latinos e mesmo experiencias persoais do propio rei e os seus colaboradores. Todas as cantigas deste tipo seguen o mesmo esquema: iníciase cunha breve introducción, presentación dun personaxe que peca e solicita a axuda da Virxe, intervención da Virxe que o salva e finaliza coa louvanza da súa figura por parte dos presentes.
- b) **Cantigas de loores**: aparece unha cada dez cantigas. Son cantigas líricas en que se loa á Virxe seguindo o esquema temático das cantigas de amor profanas. Trátase da transformación do amor trobadoresco en devoción á Virxe.

¹ Empeza cun estribillo, a continuación tres versos monorrimos e por último un cuarto que retoma a rima do estribillo (aa bbb a)